

SOMOS

MULTI
SAN

NORMATIVA



INDICE

Normas xerais	1
Normas administrativas	2
Normas de uso dos vestiarios	3
Normativa de uso da sauna e baños de vapor	3
Normas de uso da sala de musculación e cardiovascular	4
Normativa da zona de adestramento funcional	4
Normativa das pistas de pádel e tenis	5
Normativa dos cursos de pádel e tenis	5
Normativa de uso da piscina	6
Normas específicas da piscina de verán	7
Normativa dos cursiños de natación	7
Normativa de actividades dirixidas	8
Horarios de apertura das instalacións	9
Apertura en festivos	9
Prezos	9

A presente normativa está redactada pola sociedade XESTIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ESPECTÁCULOS S.L., con CIF B15792864 e domicilio, a efectos de notificación, en Rúa Diego Bernal S/N Santiago de Compostela, entidade de economía mixta xestora das instalacións e servizos do Complexo Multiusos Fontes do Sar e do Complexo Deportivo Santa Isabel.

SOMOS MULTI SAN

NORMAS XERAIS

1. Acceso de menores de idade: Os usuarios que teñan 14 ou 15 anos deberán ir acompañados dos pais/titor ou dunha persoa adulta; os usuarios que teñan 16 ou 17 anos deberán acceder cunha autorización titorial.

2. Para acceder ao interior da instalación é imprescindible:

ABONADOS:

Levar o chaveiro de proximidade. En calquera caso o persoal da instalación poderá solicitar o DNI.

USUARIOS PUNTUAIS:

Levar a correspondente entrada.

3. Non está permitido fumar nin usar cigarros electrónicos en toda a instalación (L. 42/2010 que modifica L. 28/2005 y L. 3/2014, de 27 de marzo)

4. As taquillas son de cadeado.

5. O feito de facer un mal uso da instalación, ocasionar desperfectos na mesma ou no material, implica a súa reposición e pode supor unha sanción especial.

6. A dirección da instalación resérvase o dereito de modificar ou suprimir actividades, espazos, horarios de apertura e peche, así como os contidos das sesións baixo criterio obxectivo que xustifique a modificación (enfermidade, baixa laboral, eventos, obras...)

7. A dirección resérvase o dereito de admisión.

8. A dirección non se responsabiliza dos obxectos perdidos ou substraídos na instalación.

9. É obrigatorio o uso de roupa deportiva axeitada para cada actividade, e de calzado deportivo apropiado (non se poderá empregar o calzado da rúa).

10. É obrigatorio respectar o horario establecido para as diferentes actividades.

11. Todos os usuarios deberán ter un comportamento cívico e respectuoso co persoal e co resto dos usuarios.

12. O feito de non respectar este regulamento e o carácter intrasferible do chaveiro de proximidade pode dar lugar á perda da condición de usuario e abonado das instalacións.

13. Nin a instalación nin o seu persoal serán responsables dos danos que poidan sufrir os usuarios ou se causen a terceiros como consecuencia do mal uso da instalación, os seus equipos e elementos.

14. A instalación dispón de seguro obrigatorio de responsabilidade civil que cubrirá os danos a usuarios e terceiros dos que deba responder segundo a lexislación vixente. Sen prexuízo diso, a instalación non será responsable das lesións causadas pola práctica deportiva.

15. A prestación de servizos de **ADESTRAMENTO PERSOAL** nas instalacións xestionadas por XADE unicamente poderá ser prestada por persoas previamente acreditadas pola propia empresa.

16. Recoméndase a realización dunha revisión médica a todas as persoas que comecen a facer exercicio logo dun período de sedentarismo.

A 1ª REVISIÓN MÉDICA É DE BALDE no centro de fisioterapia Amerguín.

17. En control de accesos do recinto existen follas de incidencias e follas de reclamacións a disposición dos usuarios.

18. Está prohibida a entrada de animais nas instalacións, agás cans guía.

O abonado/a ten dereito a presentar calquera reclamación ou suxestión á dirección da instalación. As follas de reclamación están a disposición dos usuarios na recepción das instalacións.

NORMAS ADMINISTRATIVAS

1. Para a formulación do abono, que permite o acceso ás instalacións, deberá cumprimentarse a solicitude correspondente e adxuntar a documentación adicional que alí se contempla.

2. Os abonados que se queiran dar de baixa deberán cubrir necesariamente o formulario que para tal efecto atoparán na recepción do centro ou enviar un fax asinado no que trasladen a petición. O prazo para esta comunicación será **antes do día 20 do mes anterior** ao que se quere causar a baixa efectiva. O incumprimento deste procedemento significará a non devolución dos recibos emitidos. No caso de que os recibos foran devoltos na entidade financeira e queira volver a abonarse á instalación, será obrigatoria a súa reposición.

3. O abonado poderase acoller á modalidade de baixa temporal abonando a cota correspondente e presentando un certificado onde se demostre o motivo da petición da mesma (embarazo, estudos no estranxeiro, vacacións, intervención cirúrxica ou diagnóstico médico). No caso de que o motivo sexan vacacións, só se permitirá por un período de 2 meses.

4. O feito de darse de baixa permanente implica a perda da cota de inscrición.

5. A cota de matrícula e a primeira mensualidade pagaranse no momento da inscrición. As demais cotas correspondentes ao abono faranse por domiciliación bancaria, con carácter mensual ao comezo de cada mes.

6. Cando o recibo dun abonado sexa devolto pola entidade bancaria, sen excepción deberase facer efectivo na recepción da instalación. O abonado terá que asumir os recargos bancarios.

7. As persoas que non aboen as respectivas cotas, non poderán acceder ás instalacións. Daráse de baixa a todas as persoas que deixen de aboar dúas mensualidades; se o abonado quixera volver facer de novo a actividade deberá aboar todos os recibos impagados, máis a matrícula máis a cota do mes actual.

8. Coa finalidade de axilizar os trámites administrativos, sempre que un abonado realice un cam-

bio de datos persoais (endereço/teléfono) ou ben os seus datos bancarios, deberá notificalo ben por escrito na recepción da instalación, ben a través de fax ou e-mail (administracion@multiusos.net)

9. O chaveiro de proximidade é persoal e intransferible, podendo ser solicitado calquera documento complementario que acredite a identidade do usuario. O incumprimento desta norma conlevará a retirada do mesmo sendo o titular a única persoa que poderá recuperalo. A perda do chaveiro suporá o **abonamento** do custo da súa reposición.

10. A dirección da instalación resérvase o dereito a anular a venda de entradas puntuais se a afluencia ao centro o require.

11. Os titulares de abonos de mañás só poderán asistir ás actividades, cursos e servizos que se oferten durante o horario establecido para este tipo de abono, ata as 15 horas.

12. Os abonados que se acollan á modalidade de baixa temporal (cota de mantemento), non poderán realizar ningún tipo de actividade na instalación mentres estean desfrutando deste tipo de cota.

13. Calquera promoción realizada a beneficio dos abonados terá a duración e/ou número de existencias que a dirección estime oportuna, sen ter nunca carácter retroactivo. Non se poderán aproveitar de ningún tipo de promoción os abonados que teñan algún recibo impagado.

14. En calquera momento a instalación poderá unilateralmente dar novas normas, de obrigado cumprimento para todos os abonados e usuarios, para o mellor funcionamento da instalación, como complemento ou en substitución das presentes, que serán expostas no taboleiro de anuncios.

15. En **abonos de tipo familiar**, será exclusivamente a persoa que apareza como titular, a autorizada para a realización de calquera xestión administrativa (altas, baixas, cambios de conta, etc.) e será a única responsable do pagamento do abono.

16. Todos os membros do abono familiar estarán asociados a unha única instalación, ben ao Mul-

tiosos Fontes do Sar, ben ao Complexo Deportivo Santa Isabel.

17. En abonos de tipo familiar, no caso de que se acollan á modalidade de baixa temporal, farase efectivo para todos os membros do abono. En caso de solicitar a baixa permanente, deberase especificar se se desexa para todos ou para parte dos membros do abono.

18. O abono familiar inclúe cónxuxes e, se é o caso, fillos menores de 22 anos. Nunca se poderá incorporar neste tipo de abono un fillo maior de 21 anos.

19. Xestión de Actividades e Espectáculos, S.L. con CIF B15792864 e domicilio, a efectos de notificación, en Rúa Diego Bernal s/n, Santiago de Compostela, informa de que os datos persoais facilitados, incluída a imaxe, serán tratados con absoluta reserva e sempre de acordo ao Regulamento (EU) 2016/679, principalmente para a xestión da relación contractual como abonado. A base xurídica do tratamento será a execución dun contrato do que o interesado é parte, así como o consentimento cando sexa necesario, así como o interese lexítimo para a remisión de comunicacións comerciais, caso de seren aceptadas. Os datos serán conservados durante toda a relación contractual e, unha vez finalizada, durante o tempo estritamente preciso para cumprir coa normativa fiscal e contable. Para os tratamentos baseados no consentimento, recordar que este será sempre revocable. Non se prevén cesións de datos nin a realización de transferencias internacionais para os mesmos.

Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, supresión e limitación do tratamento, así como o de portabilidade, que poderán ser exercidos, adxuntando en todo caso unha copia de documento acreditativo da súa identidade e concretando o dereito ou dereitos que desexa exercer, mediante unha comunicación dirixida ao Comité de Protección de Datos e Privacidade de XADE por algunha das dúas seguintes vías: (i) Mediante correo electrónico á dirección: dpd@multiusos.net; ou (ii) Por carta a Multiusos Fontes do Sar, Rúa Diego Bernal s/n, Santiago de Compostela.

NORMAS DE USO DOS VESTIARIOS

1. É obrigatorio o uso de chanclas para circular



polos vestiarios e ducharse.

2. Está terminantemente prohibido afeitarse ou realizar outras accións de hixiene persoal.

3. Está terminantemente prohibido o uso de secadores, agás os que se atopan no propio vestiario.

4. Non está permitido xogar nin realizar outras conductas lúdicas non propias do vestiario.

5. A dirección non se responsabiliza dos obxectos depositados, extraviados ou esquecidos na instalación. Recoméndase non levar obxectos de valor e a utilización das taquillas.

6. Non se permite a ocupación dun día para outro das taquillas. A dirección resérvase o dereito a balearlas cando isto se incumpra.

7. Por motivos de seguridade non se permite o uso de aparellos eléctricos nos vestiarios.

8. Os nenos de ata 7 anos poderán estar acompañados dun adulto no vestiario para cambiarse e ducharse.

NORMATIVA DE USO DA SAUNA E BAÑOS DE VAPOR

1. Non se recomenda a utilización dos baños de vapor nin da sauna ás persoas que padezan hipertensión, hipertensión, cardiopatías, feridas abertas, infeccións xerais con febre (víricas e bacterianas: gripe, arrefriados), doenzas infecciosas (fungos, otites...), embarazo, hipertiroidismo, glaucoma (elevación presión intraocular), cataratas, tumores, incontinencia de esfínteres, psicopatías graves; non é recomendable durante a menstruación, epilépticos graves, tuberculose e

enfermidades severas da pel como psoríase, dermatite...

2. Non se permite botar ningún produto.
3. Está terminantemente prohibido entrar con lentes, xoias, obxectos metálicos e roupa... agás o bañador.
4. É obrigatorio o uso dunha toalla para secar a suor.
5. É obrigatorio entrar con chanclas.
6. Non se permite o acceso a menores de 18 anos.
7. Non se permite afeitarse, depilarse, tinguirse ou outras accións de hixiene persoal dentro dos baños de vapor e das saunas.
8. Non se permite comer nin beber.

Recomendacións de uso

9. É recomendable tomar a sauna ou baño de vapor despois dun esforzo, por exemplo, tras facer deporte, pero aconséllase descansar entre 15 e 30 minutos antes, para que o corpo poida reaccionar sen problemas á calor.
10. Respirar pola boca e non polo nariz.
11. Non beber, comer, tomar medicamentos e realizar traballos musculares, xa que pode incidir sobre a respiración e circulación xa de por si aumentadas.
12. Se nota calquera tipo de molestia, abandone a cabina e informe ó persoal da instalación.
13. Non realizar exercicios físicos.
14. Periodicidade: 2 ou 3 veces por semana.
15. Non alongue nunca a sesión máis de 15 minutos.

NORMAS DE USO DAS SALAS DE MUSCULACIÓN E CARDIOVASCULAR

1. Non se permitirá a entrada e a utilización de calquera máquina da sala de musculación e cardio-

vascular aos menores de 14 anos.

2. Os menores que teñan 14 ou 15 anos deberán estar acompañados do seu pai/nai/titor ou dun adulto responsable, e os de 16 e 17 anos deberán presentar unha autorización titorial.
3. É de obrigado cumprimento a utilización da toalla.
4. Para comodidade de todos, deberase devolver ao seu lugar de orixe todo o material que sexa utilizado (barras, discos, mancuernas...). Recómendase o uso de papel para secar a suor das máquinas.
5. É recomendable a utilización de luvas para o traballo de musculación.
6. É obrigatorio o uso de roupa deportiva para acceder á sala de musculación e cardiovascular, e posuír o calzado deportivo axeitado e que non proveña da rúa. Queda prohibido o uso de chanclas para o adestramento.
7. Non se permite a entrada á sala con mochilas, botellas de cristal e comida.
8. Deberanse seguir as indicacións que ordene o instrutor de sala.
9. En momentos puntuais o instrutor poderá estar ausente da sala. Se ten algunha dúbida ou consulta diríxase ao persoal de control de accesos.

NORMATIVA DE ADESTRAMENTO FUNCIONAL

1. Non se permite a entrada e a utilización aos menores de 16 anos. Os usuarios de idades comprendidas entre os 16 e os 18 anos deberán posuír unha autorización titorial para o seu uso e disfrute.
2. Os alumnos que estean nunha clase terán preferencia de uso dos materiais e espazos sobre o resto de usuarios que estean facendo uso libre.
3. A clase de Adestramento Funcional é unha actividade de alta intensidade. É recomendable facer un recoñecemento médico previo.
4. No caso de sufrir algunha enfermidade crónica, patoloxía ou lesión reseñable prérgase que se poña

en coñecemento do persoal da instalación antes de comezar a actividade.

5. Está prohibido comer nas zonas de adestramento.

6. Deberase facer un uso responsable do material. Débese deixar o material limpo e ordenado.

7. Se tes algunha dúbida sobre os adestramentos ou a técnica dalgún exercicio, consulta ao instructor.

8. Non está permitido deixar nesta zona bolsas, mochilas ou calquera outro obxecto que non teña relación coa actividade.

9. O material de adestramento funcional é de uso exclusivo na zona.

10. Non está permitido sacar material da sala de musculación á zona de adestramento funcional.

11. Calquera conducta inadecuada por parte dos usuarios será sancionable e poderá conlevar a restrición do uso das instalacións.

NORMATIVA DAS PISTAS DE PÁDEL E TENIS

1. Os usuarios deberán seguir os requirimentos do persoal a cargo das instalacións. Os comportamentos inadecuados ou vandálicos contra calquera dos elementos do recinto deportivo ou contra outros usuarios suporá a expulsión inmediata da persoa ou persoas implicadas.

2. Os menores de 14 anos deberán utilizar as pistas acompañados dun adulto.

3. Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L. resérvase o dereito a anular ou suspender calquera reserva se fora necesario, situación que se comunicará coa máxima antelación ás persoas afectadas.

4. A reserva das instalacións realizarase como máximo cunha semana de antelación agás nas pistas exteriores, que poderán reservarse con dous días de antelación, e cun mínimo de dous xogadores en www.multiusos.net ou de xeito presencial en control de accesos da instalación.

5. Todos os usuarios da pista deben identificarse



en control de accesos da instalación antes de acceder ás pistas co chaveiro de proximidade.

6. No momento de realizar a reserva, sexa polo medio que sexa, é obrigatorio proceder ao seu pagamento.

7. Cada usuario unicamente poderá reservar dúas (2) horas ao día, e catro (4) horas á semana, nas pistas de pádel e/ou tenis.

8. Todos os usuarios destas instalacións deberán respectar as normas particulares do xogo do tenis e do pádel, así como, as básicas de comportamento e xogo limpo.

9 O número de persoas que poderán facer uso ao mesmo tempo das pistas de xogo non será inferior a 2 nin superior a 4.

10. Unha vez realizado o pago da reserva non se realizarán devolucións. Poderán realizarse cambios ata con 48 horas de antelación. A nova reserva poderá facerse dende a data do cambio ata sete días despois en función da dispoñibilidade.

Normas dos cursos de pádel e tenis

11. Os abonados de mañás só poden apuntarse a cursos da mañá.

12. Na lista de espera, terán preferencia os abonados sobre os non abonados.

13. A ubicación nos cursiños deberá facerse en función do nivel.

14. Antes de realizar a inscrición deberase facer unha proba de nivel.

15. Deberase pagar o curso ao realizar a inscrición

de xeito presencial na recepción das piscinas Fontes do Sar.

16. A dirección gárdase o dereito a cambiar de curso ou devolver o importe a todas aquelas persoas que non se anotasen nun nivel adecuado.

17. En xuño abrírase un período de preferencia só para os abonados que queiran manter a mesma praza para o mes de setembro.

18. O cursiño de adultos celebrárase se conta cun mínimo de tres inscritos, e o de nenos se hai polo menos catro.

19. Non se realizarán devolucións.

20. Recoméndase gardar o ticket para posibles reclamacións.

21. Para inscribirse nos cursos como non abonado será imprescindible estar empadroad/a no Concello de Santiago.

NORMATIVA DE USO DA PISCINA

1. O aforo máximo da piscina do Complexo Deportivo Santa Isabel é de 141 bañistas.

2. O aforo máximo da piscina Fontes do Sar durante a tempada de inverno é de 258 bañistas

3. É obrigatorio o uso do bañador, gorro de baño e de chanquetas de auga para acceder á instalación da piscina.

4. É obrigatorio o uso de chanclas para pasar á zona de duchas e para levar aos nenos á entrada da piscina.

5. É obrigatorio ducharse antes de entrar na auga da piscina.

6. Non se permite a utilización de forma libre do vaso deportivo a ningunha persoa que non saiba nadar.

7. Os nenos menores de 14 anos deberán estar acompañados dun adulto durante o uso libre do vaso deportivo.

8. Non se permite o uso de colchonetas, flotadores, lentes de cristal ou calquera elemento de risco para os usuarios.

9. Deberase respectar en todo momento a rúa destinada a cada actividade.

10. Deberase seguir en todo momento as instrucións ditadas polos socorristas.

11. As persoas que padezan algunha enfermidade que conleve risco, deberán notificalo na folla de inscrición e informar ao socorrista cada vez que entre na piscina.

12. A dirección do complexo deportivo resérvase o límite de usuarios por rúa, que vén dado pola normativa de piscina de uso colectivo.

13. O material da piscina é de uso interno e segundo dispoña o monitor.

14. Pola seguridade de todos, está prohibido lanzarse á piscina dende os laterais, os poietes de saída ou calquera zona da piscina, así coma tamén sentarse nas corcheiras.

15. Está prohibido utilizar as piscinas para uso recreativo.

16. Prohíbese a entrada na piscina con apósitos dalgún tipo (cremas, maquillaxes...).

17. Prohíbese a entrada ó recinto de baño coa roupa da rúa, así coma tamén comer, beber, mascar chicle...

18. Está prohibido correr, xogar... nas inmediacións da piscina.

19. En caso de sentir calquera tipo de molestia, débese saír da auga e comunicarllo ao socorrista.

20. Prohíbese a entrada a aquelas persoas que padezan enfermidades que pola súa natureza se poidan contaxiar a través da auga.

Normas específicas da piscina de verán

21. O aforo máximo do vaso da piscina de verán é de 572 bañistas.

22. É obrigatorio o uso do bañador, gorro de baño e de chancletas de auga para acceder á instalación da piscina.

23. Prohíbese a entrada ó recinto de baño coa roupa da rúa.

24. Está prohibido fumar e comer na praia da piscina.

25. É obrigatorio ducharse antes de entrar na auga da piscina.

26. Está prohibido enxaboarse nas duchas da praia da piscina.

27. Non se permite a utilización de forma libre do vaso profundo a ningunha persoa que non saiba nadar.

28. Os nenos menores de 12 anos deberán estar acompañados dun adulto durante o uso libre dos vasos deportivos.

29. A piscina infantil é para o baño dos nenos menores de 8 anos, que deberán ir acompañados dun responsable maior de idade.

30. Non se permite o uso de colchonetas, flotadores, lentes de cristal ou calquera elemento de risco para os usuarios.

31. Pola seguridade de todos, está prohibido tirarse á piscina.

32. Está prohibido correr, xogar... nas inmediacións da piscina.

33. Deberase respectar en todo momento a rúa destinada a cada actividade.

34. As persoas que padezan algunha enfermidade que conleve risco deberán notificalo ao socorrista cando entren na piscina.

35. Prohíbese a entrada á zona de baño a aquelas persoas que padezan enfermidades que pola súa



natureza se poidan contaxiar a través da auga.

36. En caso de sentir calquera tipo de molestia, débese saír da auga e comunicarllo ao socorrista.

37. Prégase non deixar obxectos de valor nas taquillas.

38. A instalación non se fai responsable da subtracción dos obxectos depositados nas taquillas.

39. Pregamos se recollan as hamacas logo da súa utilización.

40. Deberase seguir en todo momento as instrucións dictadas polos socorristas.

Zonas verdes

41. Prégase coidar o céspede. O lixo debe tirarse nas papeleiras habilitadas para tal fin.

42. Está totalmente prohibido practicar deporte e xogar nas zonas verdes.

43. Non se deben utilizar obxectos de vidro, cortantes ou punzantes. Tampouco se debe pisar o céspede con botas de tacos nin zapatos de tacón.

44. Se atopa algunha deficiencia nas zonas verdes, comuníqueo ao persoal das instalacións.

Normativa dos cursiños de natación

45. Existe un período de inscrición preferente para Abonados.

46. O feito de que un Non abonado se anote no prazo de inscrición de Abonados suporá a exclusión e a devolución automática do cursiño.

47. Os non abonados, tanto adultos como nenos, deberán estar empadroados/as no Concello de Santiago. Non será necesario entregar o certificado de empadramento, pero si se fará unha comprobación posteriormente, e no caso de que non estea empadroado/a será inmediatamente dado de baixa no curso no que estea inscrito/a.

48. Unha persoa só pode realizar dúas inscricións, agás se se trata de inscribir aos fillos, en cuxo caso poderá inscribir a todos.

49. A persoa que estea inscrita nun curso non se poderá anotar en ningunha lista de espera. No caso de non ter praza só se poderá anotar na lista de espera dun só curso.

50. Os abonados de mañás só poden apuntarse a cursiños da mañá.

51. Os abonados que se inscriban nos cursiños de natación deberán estar abonados durante a duración completa do cursiño

52. Unha vez realizado o pagamento non será posible substituír o curso por outro ou proceder á devolución do curso se non está debidamente xustificado.

53. Deberase pagar o curso ao realizar a inscrición.

54. Prégase que todas as persoas que sofren algún tipo de doenza o especifiquen na folla de inscrición no apartado de observacións ou datos de interese.

55. Os abonados que teñan cota de mantemento no mes de setembro e xaneiro poderán realizar a inscrición.

56. Non se realizarán devolucións.

57. Recoméndase gardar o ticket para posibles reclamacións.

58. As persoas a partir de 14 anos poden participar nos cursos de adultos. Os nenos que teñan 14 ou 15 anos deberán estar acompañados do seu pai/nai/titor ou dun adulto responsable, e os de 16 e 17 anos deberán presentar unha autorización titorial.

59. As clases que non se poidan impartir por causa

xustificada (festivos, avarías puntuais, competicións...) non serán recuperables.

60. Os adultos non abonados poderán acceder á instalación como máximo 20 minutos antes do inicio do curso, e poderán permanecer no centro ata 20 minutos despois da finalización do mesmo. En caso de exceder este tempo deberán abonar a correspondente entrada.

NORMATIVA DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS

1. Non se permite a manipulación do material das salas de actividades sen a presenza dun instrutor da instalación.

2. É necesario ter máis de 14 anos para poder participar nas actividades dirixidas. Os menores que teñan 14 ou 15 anos deberán estar acompañados do seu pai/nai/titor ou dun adulto responsable, e os de 16 e 17 anos deberán presentar unha autorización titorial.

3. Precísase a utilización da toalla para secar a suor.

4. Recoméndase non entrar nas actividades dirixidas 5 minutos máis tarde do comezo das mesmas. As posibles lesións derivadas do incumprimento desta norma serán responsabilidade do usuario.

5. A dirección resérvase o dereito de variar os horarios das actividades segundo a demanda existente. Os horarios poderán sufrir modificacións por enfermidades, vacacións, eventos deportivos e culturais e outros.

6. No caso de ter algunha lesión ou doenza é recomendable dicírllo ó monitor da actividade antes de comezar a sesión.

7. Non está permitido entrar ás salas con mochilas, botellas de cristal ou comida.

8. Prohíbese a entrada á sala de actividades dirixidas a toda persoa que non participe na clase.



HORARIOS DE APERTURA (setembro-xuño)

MULTIUSOS FONTES DO SAR C.D. SANTA ISABEL PISCINA FONTES DO SAR

- L-V de 7 a 23h
- Sábados de 9 a 20h
- Domingos de 9 a 14h

PISTAS DE PÁDEL E TENIS FONTES DO SAR

- L-V de 10 a 23h
- Sábados e domingos de 10 a 20h

HORARIOS DE APERTURA xullo

MULTIUSOS FONTES DO SAR C.D. SANTA ISABEL

- L-V de 7 a 23h
- Sábados de 9 a 20h · Domingos pechado

PISCINA DE VERÁN FONTES DO SAR

- Todos os días de 11 a 21h

PISTAS DE PÁDEL E TENIS FONTES DO SAR

- L-V de 10 a 23h
- Sábados e domingos de 10 a 20h

HORARIOS DE APERTURA agosto

MULTIUSOS FONTES DO SAR C.D. SANTA ISABEL

- L-V de 7 a 23h
- Sábados de 9 a 14h · Domingos pechado

PISCINA DE VERÁN FONTES DO SAR

- Todos os días de 11 a 21h

PISTAS DE PÁDEL E TENIS FONTES DO SAR

- L-V de 10 a 23h
- Sábados e domingos de 10 a 20h

APERTURA EN FESTIVOS

As instalacións abrirán en horario de mañá os días festivos, agás nas seguintes datas, que permanecerán pechadas todo o día:

- 1 de xaneiro. Día de aninovo.
- 6 de xaneiro. Día de Reis.
- 1 de maio. Festividade do traballo.
- 25 de decembro. Nadal.

PREZOS

MATRÍCULAS

Familiar*	50,59 €
Outros	45,96 €

ABONOS MES

Familiar*	49,71 €
Individual	40,53 €
Mañás	27,61 €
Júnior (menor de 22 anos)	21,21 €
+60 anos	21,21 €
Fillo 6-21 anos / familiar	4,62 €
Fillo - 6 anos / familiar	GRATIS

COTA MANTEMENTO

Familiar	13,81 €
Outros	9,25 €

Abono para persoas con DISCAPACIDADE acreditada nun grao igual ou superior ao 33%:

Matrícula Individual	24,53 €
Matrícula Familiar*	27,11 €
Abono Familiar* 2 membros con discap	26,55 €
Abono Familiar* 1 membro con discap	39,83 €
Fillos con discap. no abono familiar (6-21anos)	2,42 €
Abono Individual	21,60 €
Abono Mañás	14,85 €
Abono Júnior	11,42 €
Abono +60 anos	11,42 €
Mantemento familiar	7,43 €
Mantemento individual	4,89 €

Información

A matrícula e a primeira mensuralidade aboaranse no momento da inscrición. As demais a través de domiciliación bancaria, recibo que poderá ser esixido dende o día 28 do mes anterior ao período do mes facturado.

Documentación necesaria para o abono

- Fotocopia do DNI dos compoñentes do abono.

*O abono familiar inclúe cónxuxes e, se é o caso, os fillos menores de 22 anos.

ENTRADA XERAL INSTALACIÓNS

Entrada.....5,05 €

ENTRADA PISCINA VERÁN

De 3 a 6 anos.....2,30 €
De 7 a 16 anos.....2,76 €
Adultos.....4,18 €
3ª Idade.....2,30 €

ALUGUERES PISTA DE PÁDEL E TENIS (PREZOS POR PERSOA E HORA)

Aluguer Pista Abonado.....1,10 €
Aluguer Pista Non Abonados.....5,60 €
Luz.....1,10 €
Aluguer Raqueta Abonado.....1,10 €
Aluguer Raqueta Non Abonados.....2,80 €

Cursiños actividades seco (prezos ao mes)

Pilates Mat 2 días á semana18,70 €
Pilates Mat 1 día á semana9,35 €
Pilates Reformer 1 día/semana abonados.....31,50 €
Pilates Reformer 1 día/semana non abonados.....63 €
Pilates Reformer 2 días/semana abonados.....47,25 €
Pilates Reformer 2 días/semana non ab.....78,75 €
Curso TRX9,35 €

Actividades para nenos

Actividades dirixidas (capoeira, karate, zumba...)
1 día/semana (só abonados) prezo ao mes.....6,40 €

Campus Sar

1 semana abonado.....49 €
1 semana non abonado.....73 €
2 semanas abonado.....47 €/semana
2 semanas non abonado.....71 €/semana
3 semanas abonado.....45 €/semana
3 semanas non abonado.....69 €/semana
4 semanas abonado.....42 €/semana
4 semanas non abonado.....66 €/semana

Cursiños de natación cuadrimestrais (prezo por todo o cuadrimestre)

ABONADOS

Adultos 2 Días á semana18,96 €
Adultos 1 Día á semana9,39 €
Nenos 2 Días á semana13,43 €
Nenos 1 Día á semana6,72 €

NON ABONADOS

Adultos 1 Día á semana37,91 €
Nenos 1 Día á semana27,02 €

Cursiños de natación intensivos verán (prezo mensual)

ABONADOS

Adultos de luns a venres.....23 €
Nenos de luns a venres.....16,40 €

NON ABONADOS

Adultos de luns a venres.....45 €
Nenos de luns a venres.....31,80 €

Cursiños de pádel e tenis (prezos ao mes)

ABONADOS

Adultos 1 Día á semana20,00 €
Adultos 2 Días á semana26,50 €
Nenos 1 Día á semana11,20 €

NON ABONADOS

Adultos 1 Día á semana40,00 €
Adultos 2 Días á semana53,00 €
Nenos 1 Día á semana22,40 €

Outros servizos

Sesión Solarium.....4 €
Bono Solarium.....18 €
Toalla Ecolóxica.....0,50 €

Servizos aos que da dereito o pago da entrada

O pago da entrada dá dereito aos mesmos servizos que os abonados durante o tempo que a entrada adquirida teña estipulado.

A entrada puntual á piscina de verán permite permanecer na piscina dende que se merque a entrada ata o peche da mesma.

Actividades e servizos incluídos no abono

Os abonados poderán utilizar indistintamente as instalacións do Multiusos Fontes do Sar e do C.D. Santa Isabel.

Todos os abonados teñen dereito ao uso durante todo o horario de apertura das instalacións (agás os abonados de mañás, que poderán facelo só de 7 a 15h) da lámina de auga dispoñible, sala de fitness e cardiovascular, zona funcional, saunas, baños de vapor, e todas as actividades dirixidas programadas agás as específicas como de pago.

Actividades e servizos complementarios

pádel e tenis · cursos de natación · cursos de pádel e tenis · pilates mat · pilates reformer · solarium · centro de estética · centro de fisioterapia · campus deportivo · toalla · cafetería

